

004310 06.05.2017 10:05

Segundo o calendario escolar 2017/2018 aprobado polo Consello de Goberno do 5 de abril de 2017 o calendario será único para os estudos adaptados ao EEES e os que se atopen en proceso de extinción. Sen embargo, a petición dos centros, excepcionalmente poderán concederse modificacións nas datas acordadas trala comunicación á Secretaría Xeral da Universidade.

Segundo isto, e unha vez recibida a solicitude do Decanato da **Facultade de Ciencias da Educación** solicitando **adianto dos exames no 1º semestre do 4º curso das titulacións de Grao en Educación Social e Grao en Pedagogía** para o período comprendido entre o 4 ao 22 de decembro de 2017, esta **SECRETARÍA XERAL**

Autoriza a modificación do adianto dos exames no 1º semestre do 4º curso das titulacións de Grao en Educación Social e Grao en Pedagogía segundo a petición formulada.

Comunicaselle que os períodos de apertura e peche de actas serán segundo as datas establecidas no calendario académico oficial para o curso 2017/2018.

Santiago de Compostela, a 24 de maio de 2017.

A SECRETARIA XERAL



Consuelo

Consuelo Ferreiro Regueiro

DECANA DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN, VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR, VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E INNOVACIÓN EDUCATIVA, XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA, XEFE OD SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA